



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NÚÑEZ, concelleiro do Grupo Municipal de Marea Pontevedra, presenta ante o Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte PROPOSICIÓN relativa a que o Concello lles ofrezca **ASESORAMIENTO TÉCNICO** ás persoas que verían afectadas as súas propiedades polos trazados da A-57 no noso termo municipal, e **ASESORAMIENTO E COBERTURA XURÍDICA** aos colectivos e plataformas creados para defenderse ante a agresión que supoñería a construción desa infraestrutura.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Autovía do Atlántico, A-57 (así denominada na Lei de Estradas do Estado, véxase BOE de 30.9.2015), prevista entre O Porriño e A Coruña, e en paralelo á Autoestrada do Atlántico, non é unha circunvalación de Pontevedra e supón un malgasto maiúsculo de recursos públicos.

Xa o está sendo o tramo en construción Vilaboa-A Ermida, de seis quilómetros, sen máis entrada ou saída ca nos seus extremos (porque non é unha auténtica circunvalación de Pontevedra, que lle queda a sete quilómetros de distancia), e tamén o será o tramo A Ermida-Pilarteiros (de cinco, ou seis quilómetros e pic, segundo se opte pola Alternativa I ou a II), cun orzamento estimado de 100 ou de 124 millóns de euros (e un só enlace intermedio).

Cun orzamento para o total da Autovía que, de facerse, superará amplamente os mil douscentos millóns de euros, o idóneo sería que o Goberno investise eses cartos de todos en rescatar a concesión da Autoestrada, AP-9, ese gran calote con que nos zoupan (e zouparán, se non lle poñemos remedio), converténdoa en gratuíta.

Cómpre sinalar que, sobre o tramo da A-57 entre A Ermida e Pilarteiros, a Oficina Técnica de Arquitectura e Planeamento do Concello, advirte que “na documentación técnica que obra no expediente non se valoran as afeccións e o seu impacto (sobre casas e construcións existentes, sobre solos rústicos de especial protección ou sobre elementos de patrimonio etnolóxico), nin tampouco sobre o planeamento municipal vixente ou na ordenación dos núcleos rurais afectados”.

Lóxica e lexitimamente preocupadas ante todo isto, as persoas e familias residentes en Bora e Xeve, mais non só, presentaron xa milleiros de alegacións no trámite de exposición ao público, e é previsible que (de non obteren resposta, ou de obtérena negativa), se vexan obrigados a emprender a vía xudicial, asumindo o custo económico diso.

Dado que o concello é a administración máis próxima á xente, e debe acompañala e protexela cando se ven agredida, e dado que conta con técnicos e servizos que en moitas ocasións presentan recursos ante decisións doutras administracións que repercuten en Pontevedra, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra presenta ante o Pleno a seguinte

PROPOSICIÓN:

1. Instar a Xunta de Goberno Local (XGL) a ofrecer e prestar asesoramento técnico ás persoas e familias afectadas polo-s trazado-s previsto-s na Autovía A-57 para o tramo entre A Ermida e Pilarteiros.
2. Instar a XGL a ofrecer asesoramento e cobertura xurídica ás plataformas de persoas e familias afectadas polo-s trazado-s previsto-s na Autovía A-57 para o tramo entre A Ermida e Pilarteiros.

Pontevedra, 28 de xaneiro de 2019



Luís Rei Núñez

Concelleiro de Marea Pontevedra